

ESCOLA DA VIDA

Cursos de verán

08.08.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Coa chegada da estación estival, a todos nos aparece, consciente ou inconscientemente, a idea de deixar de traballar. Os días son máis longos, as veladas alónganse de forma espontánea e a recreación parece ser a norma para todo. Todo o mundo está de mellor humor e a vida aparece tranquila a intres, e buliciosa ante determinadas manifestacións.

Pero non todo o lecer é ocioso, parte del aprovéitase para formarse en determinados temas aos que non se lles puido dedicar o tempo necesario durante o ano laboral. Por iso mesmo, unha parte dos cursos de verán parten da idea de profundar en temas específicos, canalizar o lecer ou propoñer espazos para a reflexión coas achegas de expertos. De calquera forma, todos eles presentan unha oportunidade para unha formación aberta e unha aprendizaxe ao longo da vida nun mundo en permanente cambio.

A variedade de configuracións deixa ver a súa filosofía plural: cursos, seminarios, encontros internacionais, escolas, xornadas profesionais, talleres, congresos, universidades populares... teñen como única finalidade responder aos intereses e motivacións do seu alumnado (estudantes, profesionais, profesores e público en xeral).

Con todo, algunhas das fórmulas parecen levar implícito unha tipoloxía de alumnado que lles outorga certa exclusividade. Así, mentres que os cursos e seminarios responden á idea de formación permanente acerca de calquera categoría de problema máis ou menos actual, nos congresos e xornadas son, maiormente, os especialistas os que se citan co fin de presentar investigacións, teorías e experiencias.

Pola súa banda, as escolas de verán representan unha liña de actividades de formación especializada, dirixida a profesores, profesionais e alumnos con vocación de permanencia a medio prazo, e nas que se abordan ano tras ano uns aspectos concretos do tema escolido. Estas escolas son organizadas coa colaboración dun axente social (empresa, fundación, asociación...), un axente científico ou académico, e a pretensión de conformar programas de formación de referencia, caracterizados pola súa calidade cuxo obxectivo é fidelizar os asistentes en sucesivas edicións.

Outra modalidade son os obradoiros cuxa orientación vai cara á adquisición de capacidades de saber "facer", organizándose en torno a dúas ideas: a creación dunha contorna de traballo e o aprender facendo. Esta fórmula resulta especialmente axeitada para a transmisión de coñecementos prácticos, facilitando a aprendizaxe de cuestións relativas á creatividade, a mellora das calidades propias, etc.

Así pois, cada quen que escollo o mellor curso e o goce, pois compartir ocio e formación é un dos mellores entretementos do verán.